

MANIFESTO POLA REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA DO BNG

Os resultados das recentes Eleccións Galegas puxeron de manifesto o que desde hai tempo era unha evidencia que, porén, moitos se negaban a asumir: o progresivo declive do apoio social ao BNG e, consecuentemente, a **necesidade de redefinir o proxecto político**.

Os asinantes deste manifesto queremos contribuír, desde a crítica construtiva, leal e sincera, a ese necesario proceso de cambio. Sentimos como propia esta derrota e todas as que xa sofremos, do mesmo xeito que sentimos como propias as vitorias do BNG. Porén, non nos enganamos nin pretendemos enganar ninguén: **o BNG é a nosa casa, mais non a nosa causa**. A nosa causa é Galiza. A nosa causa é a da liberdade, a da construción nacional, a da defensa dos intereses das clases traballadoras, a da implantación de relacións sociais nacionais e internacionais baseadas na xustiza, na solidariedade e na sustentabilidade ambiental e social. O BNG é a nosa casa por ser un **instrumento vital ao servizo do país**, e hoxe é máis necesario que nunca reforzar ese perfil, no canto de concebir o BNG como un conglomerado de intereses particulares de grupos de poder internos.

Para que o BNG estexa ao servizo de Galiza, é necesario establecer unha **nova cultura política** baseada no diálogo con todos os colectivos sociais e de maneira privilexiada coas organizacións sociais de esquerdas e/ou nacionalistas, desde o mutuo respecto e a lealdade recíproca. E, desde logo, a **militancia**, entendida non só como man de obra gratuíta senón como canal de participación activa da base social, debe ser a **protagonista soberana** da vida política e da adopción de decisións no seo do BNG.

Outros desafíos deben ser encarados en breve. O primeiro deles di respecto á incardinación da opción nacionalista, nesta terra e neste tempo, nun **discurso ideolóxico radicalmente democrático e inequivocamente de esquerdas**, superador da actual etapa de globalización mercantilista e financeira. Como segundo desafío, e en relación co anterior, debe procederse a actualizar as fórmulas organizativas no seo do BNG, proceso que debe culminar na consolidación da pluralidade interna baixo unha fórmula unitaria; noutras palabras, nun **partido cun funcionamento asembleario**, que acepte a existencia de correntes internas. Un partido que elabore as candidaturas mediante primarias en todos os ámbitos e onde non existan cotas de poder reservadas a minorías organizadas, nin vetos, nin doutrinas, nin personalismos, senón unha permanente actitude de apertura á sociedade desde a nosa propia identidade ideolóxica. Certamente, estes desafíos son dunha tal magnitude que sería inviable darlles unha resposta definitiva na inminente Asemblea Nacional, mais deben ser discutidos nese foro e resoltos na seguinte Asemblea Nacional ordinaria.

O BNG debe, neste momento político, facer unha **oposición rotunda fronte ao goberno de Feijoo**, mais isto non implica un aliñamento mecánico co PSdeG/PSOE. O BNG actuará de maneira responsable nos pactos que ten subscrito, executando as políticas da súa competencia e promovendo a construción dunha alternativa progresista fronte ao PP. Porén, a viabilidade dos pactos só será posible se o PSdeG tamén adopta eses criterios como propios, o que até agora ten sido non a regra, senón a excepción. En calquera caso, debemos ter claro todos que o obxectivo do BNG non debe ser o de acadar cotas de poder institucional mediante pactos moitas veces discutibles, senón o constituírse como **referente social con vocación maioritaria**, para o cal é imprescindible ocupar un espazo político propio e ben delimitado, así como articular unha política de alianzas que sexa reflexo da vontade social electoralmente manifestada en cada ámbito, e non de pactos verticais que ignoren ou deixen nun segundo plano a consideración de cada contexto político.

Para posuír a imprescindible solidez política e ideolóxica, o BNG debe **pór en valor a experiencia** adquirida ao longo da súa traxectoria, mais tamén **desenvolver proxectos** en asuntos clave nos cales aínda existen importantes deficiencias na definición das nosas alternativas, como por

exemplo: o financiamento autonómico; a ordenación do territorio; o recoñecemento xurídico e o planexamento socioeconómico das áreas metropolitanas, urbanas e comarcais; a política económica e fiscal; as relacións laborais e a política de emprego; o desenvolvemento sustentable ambiental e socialmente; a política de investigación e desenvolvemento; o sistema educativo; a inserción dos inmigrantes; a política de seguranza; e tantos e tantos outros.

Por outra parte, debemos **conceder un papel preeminente á política local**, abandonando de vez unha certa tradición da cultura política do BNG, que durante moito tempo considerou a fragmentación en municipios un elemento contraditorio coa consideración de Galiza como unidade nacional, en vez de pensar os concellos como ámbito privilexiado de acción política próxima aos cidadáns, no cal materializar proxectos que constrúan a nación desde a base e conquistar a adhesión a un proxecto político global para o país.

No plano social, a **defensa dos concellos como foro de acción política transformadora** implica recoñecer a necesidade de que contén con autonomía financeira e cunha maior capacidade normativa. No ámbito interno, cumpre definir equipos de traballo locais e comarcais antes de fin de ano, co cometido de preparar o programa das eleccións municipais vindeiras e de establecer estratexias diferenciadas para cada cidade, área metropolitana ou comarca, sempre dentro dos principios políticos e do proxecto nacional do BNG.

Na política estatal, **o BNG debe exercer no Parlamento español unha política de oposición sen ambigüidades**, sempre desde actitudes construtivas e dialogantes, pero esixindo reciprocidade e negándose a servir como muleta dun partido e dun goberno que non cumpren os seus compromisos con Galiza nin mostran a menor disposición a facelo no sucesivo. Doutra banda, a **política de alianzas a nivel estatal** debe estar supeditada ao obxectivo primordial de construción nacional en clave galega, e un bo punto de inflexión neste sentido sería concorrer ás eleccións europeas deste ano en solitario, cun proxecto político renovado após a Asemblea Nacional.

Xunto á incorporación das medidas políticas que foron definidas nas liñas anteriores, é preciso tamén adoptar decisións que osixenen a vida política e a proxección social da organización, como por exemplo: **impor límites á permanencia de membros do BNG en cargos de representación pública**, tanto na estrutura interna como especialmente nas institucións públicas, pois a perpetuación no poder (sexa executivo ou lexislativo, sexa no plano orgánico) crea inercias desmobilizadoras, cando non puramente conservadoras; **delimitar as funcións e os canais de comunicación entre o BNG como organización e o BNG como forza de goberno**; practicar unha nova política de comunicación interna, utilizando as vías de **comunicación coa militancia** nun sentido bidireccional de fluxo de información e de opinión, cunha aposta decidida polo uso das TICs a este fin; defender mecanismos de absoluta **transparencia do gasto público**, con énfase nas contratacións, medida que debemos implantar de inmediato alí onde gobernamos; promover o establecemento de mecanismos activos de **defensa dos dereitos dos consumidores** fronte aos abusos das grandes corporacións; promover unha **reforma da lexislación electoral** que poña fin aos topes electorais mínimos, que fomente os mecanismos de proporcionalidade directa, que limite e regule o voto exterior e que recoñeza plenos dereitos electorais aos inmigrantes censados en Galiza.

Estes son, de maneira resumida, os desafíos que se nos presentan. **Xuntos, seremos capaces** de enfrontalos e de vencer os obstáculos que se nos presentarán nesta camiñada, que sen dúbida non serán poucos. E seremos capaces, porque apostamos polo traballo, polo diálogo, pola xenerosidade e pola construción dun proxecto colectivo, plural, inclusivo e ilusionante chamado BNG. **Esta é a hora dos que amamos a Galiza, a hora dos valentes, a hora dos bos e xenerosos. Súmate!**